

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

No marco establecido nos artigos 40 e 49 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Extratexia Europea de Emprego, e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia acade uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social, e de cohesión no territorio, é preciso adoptar políticas que promovan a calidade dun modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade de toda a sociedade galega para crear emprego, en especial para aquelas persoas cuxa integración laboral supón máis dificultades.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á comunidade autónoma, en concordancia co artigo 149.1º.7 da Constitución española, competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

No título VII da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social das persoas con discapacidade, establécese como finalidade primordial da política de emprego de traballadores e traballadoras con discapacidade, a súa integración no sistema ordinario de traballo ou, no seu defecto, a súa incorporación ao sistema produtivo mediante fórmulas especiais de traballo protexido, como son os centros especiais de emprego.

De conformidade co Decreto 168/1984, do 15 de novembro, de asunción de funcións e servizos, correspóndelle á comunidade autónoma a xestión de calquera tipo de axudas, subvencións e préstamos que realizaba a Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo. Así mesmo, mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego (Inem) no ámbito do traballo, o emprego e a formación. Segundo o disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, correspóndelle a esta o exercicio das anteriores competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Consonte o anterior, correspóndelle a esta consellería a regulación específica, a convocatoria, a xestión e o control das axudas e subvencións á contratación indefinida de traballadores e traballadoras con discapacidade, reguladas no Real decreto 1451/1983, do 11 de maio, e na Orde do 13 de abril de 1994, que desenvolve o capítulo II do mencionado real decreto,

no Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade, e das axudas e subvencións para a integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego, segundo a disposición adicional terceira da orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 16 de outubro de 1998.

O acceso ao emprego é un elemento decisivo para a integración das persoas con discapacidade na economía e na sociedade nun sentido amplo. A Consellería de Traballo, en concordancia co desenvolvemento doutras medidas no ámbito social e, na execución das políticas activas de emprego, establece accións específicas para a inserción deste colectivo, que teñen por obxecto a mellora da súa empregabilidade e, coordinadamente, o establecemento de medidas para a súa inserción normalizada no mercado de traballo.

Como resultado do diálogo social de Galicia, a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o sindicato nacional de CC.OO. de Galicia subscribiron o 5 de febreiro de 2007 o acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia, que establece os obxectivos que cómpre acadar en materia de emprego neste período na liña de converxencia coa media do Estado e coa de Europa. En concreto, no acordo sobre obxectivos e medidas para o emprego en Galicia, dedícase o capítulo 7 ás medidas para acadar os obxectivos de inserción laboral das persoas con discapacidade, establecéndose medidas concretas en apoio a este colectivo, ás que responde a presente orde.

Nesta orde agrúpanse os programas que teñen por obxecto establecer incentivos para a creación de emprego das persoas con discapacidade, regulando nos seus anexos A, B, respectivamente, os programas de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego.

O programa de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo Plurirrexional de Adaptabilidade e Emprego, número 2007 ES 05 UPO 001, aprobado pola decisión da Comisión Europea con data do 15 de decembro de 2007. Esta cofinanciación do Fondo Social Europeo farase constar nas resolucións de concesión.

No programa de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria para avanzar na estratexia dirixida a promover a integración laboral das persoas con discapacidade en Galicia, establécense incentivos autonómicos adicionais co obxecto de incidir máis favorablemente no emprego das mulleres con discapacidade e daquelas persoas cunha discapacidade que as afecte máis severamente.

As bases reguladoras dos programas regulados nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrència competitiva, dado que de acordo coa finalidade e obxecto do programa non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas realizarase pola comprobación da concorrència na persoa ou entidade solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario, conforme ao previsto no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional.

As bases reguladoras e a convocatoria destes programas axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e, no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

De conformidade co disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, e ao existir crédito axeitado para o dito fin no proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 16 de outubro de 2008, o financiamento das axudas previstas nesta orde realizarase con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas na disposición adicional sétima.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, autorizada polo Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión do día 30 de decembro de 2008, a concesión de anticipos regulada nesta orde, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

FINALIDADE, ÁMBITO E PRINCIPIOS DE XESTIÓN

Artigo 1º.-*Finalidade.*

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2009 das axudas e subvencións establecidas pola Consellería de Traba-

llo, coa finalidade de promover a integración laboral das persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos seguintes programas:

-Programa de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria (anexo A).

-Programa de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego (anexo B).

2. A xestión destes programas realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3. As bases específicas de cada un dos programas reguláanse nos correspondentes anexos A e B desta orde e forman parte integrante dela.

Artigo 2º.-Concepto de persoa con discapacidade e persoa desempregada.

1. Para os efectos das axudas previstas nesta orde, terán a condición de persoas con discapacidade as que teñan recoñecida, pola Administración competente, unha minusvalidez nun grao igual ou superior ao 33%.

De acordo co disposto no artigo 1.2º da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, en todo caso, consideraranse afectados por unha minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez e as persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Nestes supostos a acreditación do grao de minusvalidez realizarase conforme ao previsto no Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE nº 300, do 16 de decembro).

2. Para os efectos das axudas previstas nesta orde, terán a consideración de persoas desempregadas aquelas que figuren inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego e que carezan de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Artigo 3º.-Normativa aplicable.

As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas e subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007,

do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; e nesta orde.

CAPÍTULO II

NORMAS COMÚNS: COMPETENCIA E PROCEDEMENTO

Artigo 4º.-*Competencia.*

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións previstas nesta orde, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalles:

a) Aos delegados e delegadas provinciais da Consellería de Traballo, cando a actividade pola cal se solicita subvención se vaia desenvolver no respectivo ámbito provincial.

b) Ao director xeral de Promoción do Emprego cando se trate de solicitudes de axudas para a creación ou ampliación, para o saneamento financeiro e para o equilibrio orzamentario de centros especiais de emprego.

Artigo 5º.-*Solicitudes e prazo.*

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiránse ao órgano competente para resolver, e presentaranse nos rexistros das respectivas delegacións provinciais ou, se for o caso, na Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo xeral para a presentación de solicitudes de axudas e subvencións dos distintos programas desta orde, finalizará o 15 de setembro de 2009 respectaranse, en todo caso, os prazos específicos previstos nos anexos desta orde.

3. As actuacións subvencionables dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade, realizadas entre o 16 de setembro de 2008 e a data de publicación desta orde, poderán acollerse ás súas axudas, aínda que transcorrese o prazo establecido desde a contratación ou se tivese iniciado a execución do proxecto de investimento. O prazo para a presentación destas solicitudes remata o 31 de marzo de 2009.

Poderá solicitarse neste mesmo prazo a subvención do custo salarial, polo mantemento dos centros especiais de emprego, que tendo a cualificación, non percibisen a subvención no exercicio 2008.

4. As solicitudes e os anexos dos programas están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: <http://traballo.xunta.es>.

Para a cumprimentación das solicitudes de subvención poderá empregarse a aplicación informática de axuda facilitada pola Consellería de Traballo na súa páxina web, no punto de axudas e subvencións.

5. Para a presentación de solicitudes os beneficiarios poderán contar co asesoramento do persoal técnico de emprego da rede coordinada pola Consellería de Traballo (www.tecnicosemplegogalicia.xunta.es).

Artigo 6º.-*Documentación.*

1. As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación, xeral e específica, que nos anexos A e B se estableza para cada programa ou tipo de axuda.

2. As solicitudes de axudas desta orde deberán ir acompañadas da seguinte documentación común:

a) Se a persoa solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF e, se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

b) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (segundo modelo anexo XII).

c) Documentación acreditativa de que se encontran ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que quen solicita lle denega expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, quedan exentas de presentar as devanditas certificacións aquelas entidades recollidas na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

d) Ficha de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que quen solicita é titular da conta (segundo modelo anexo XIII).

3. As solicitudes das persoas ou entidades interesadas acompañarán os documentos sinalados no número anterior, e a establecida nos anexos A e B desta orde, para cada programa ou tipo de axuda, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo

común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirllle ao solicitante a súa presentación con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 7º.-*Autorizacións.*

1. A presentación da solicitude de subvención pola persoa ou entidade interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, a persoa ou entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo achegar entón as devanditas certificacións.

2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa ou entidade interesada presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Coa presentación da solicitude de subvención a persoa ou entidade interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, con expresión da persoa ou entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Artigo 8º.-*Procedemento de concesión, instrución e tramitación.*

1. O procedemento de concesión das axudas e subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario rea-

lizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instructor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Promoción do Emprego das delegacións provinciais da Consellería de Traballo, ou o Servizo de Apoio a Emprendedores da Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, que realizarán as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debese formular a proposta de resolución.

No programa de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego, regulado no anexo B desta orde, esta fase completárase incorporando ao expediente a información que conste na Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo, sobre as autorizacións administrativas e inscricións no rexistro como centros especiais de emprego, así como o seu recoñecemento e inscrición como centro especial de emprego sen ánimo de lucro, conforme o previsto no Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento (DOG nº 138, do 19 de xullo, corrección de erros DOG nº 147, do 2 de agosto).

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común requirirán a persoa ou entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará por desistida da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 9º.-*Resolución e recursos.*

1. Logo da fiscalización polas respectivas intervencións das propostas emitidas polos correspondentes servizos, as resolucións serán ditadas polo órgano competente, por delegación do conselleiro de Traballo, e deberán serlles notificadas ás persoas ou entidades interesadas. As resolucións, concesorias ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Notificada a resolución polo órgano competente, as persoas ou entidades interesadas propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal, sen que producise manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada.

5. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informaráselle á entidade ou persoa beneficiaria que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións, e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).

Artigo 10º.-*Xustificación e pagamento.*

1. A xustificación, por parte da entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda ou subvención e da aplicación dos fondos percibidos, realizarase nos termos e condicións establecidos nos anexos A e B desta orde.

2. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido nos correspondentes anexos desta orde.

Para os efectos da subvención do custo salarial, os centros especiais de emprego que, obtendo a cualificación no ano 2008, non percibiran a dita subvención no exercicio 2008, terán a consideración de gastos subvencionables os realizados no ano 2008.

4. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

A xustificación do pagamento dos gastos obxecto da subvención deberá acreditarse mediante transferencia bancaria.

5. As empresas e entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o

pagamento no prazo establecido na resolución de concesión, ou, se é o caso, ata o 30 de novembro de 2009. Excepcionalmente, este prazo poderá ser prorrogado en 15 días de forma extraordinaria e por causas debidamente xustificadas.

6. Non poderá realizarse, en ningún caso, o pagamento da subvención mentres a persoa ou entidade beneficiaria non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias - estatais e autonómicas - e da Seguridade Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

7. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións, quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se establezan na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

-Declaración complementaria da establecida no artigo 6º.2, letra b) desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (segundo anexo XII).

8. A documentación exixida para a fase de pagamento poderá presentarse xunto coa solicitude a opción da entidade ou persoa interesada. Neste suposto, poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

Artigo 11º.-*Incompatibilidades e concorrencia.*

1. En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, concedidos por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a persoa ou entidade beneficiaria.

2. As axudas e subvencións establecidas para cada programa son incompatibles coas establecidas para os demais programas previstos nesta orde.

3. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axuda previstos en cada programa desta orde.

Artigo 12º.-*Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias.*

Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das axudas e subvencións:

a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da axuda ou subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Traballo, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo, caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se for o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007).

i) No suposto da subvención financeira, a persoa ou entidade beneficiaria acreditará, no primeiro trimestre natural do ano seguinte á súa percepción, mediante facturas, escrituras públicas ou contratos, así como os correspondentes xustificantes de paga-

mento, que o importe do préstamo subvencionado foi destinado a financiar os investimentos obxecto da subvención.

Así mesmo, a persoa ou entidade beneficiaria, no prazo de 30 días desde a data en que teña coñecemento do pagamento efectivo da subvención, ten que presentar certificación expedida pola entidade financeira, acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía subvencionada.

j) Ter levado a cabo a organización preventiva, a auditoría se procede, e o plan de prevención, de acordo co previsto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e a normativa regulamentaria de desenvolvemento.

k) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 14º.-Revogación e reintegro.

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 15º.-Seguimento e control.

As delegacións provinciais e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos as persoas ou entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería

de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nos delegados/as provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, e no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios e beneficiarias, respecto das resolucións concesorias das que traen causas, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-A comprobación da condición de persoas con discapacidade realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que for recoñecida por outra Administración distinta da propia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego, na data de alta na Seguridade Social dos traballadores e traballadoras con discapacidade, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto do da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinta.-Para o caso de que se soliciten os incentivos previstos no anexo A desta orde pola transformación en indefinido dun contrato en prácticas que fose obxecto de subvención ao abeiro dos programas de fomento da contratación en prácticas, convocados pola Consellería de Traballo, e a súa conversión se produza con anterioridade á súa duración mínima inicial de 12 meses, compensarase a parte da subvención concedida correspondente ao período non esgotado reducindo na mesma contía o incentivo pola transformación do contrato en indefinido.

Sexta.-A concesión das axudas e subvencións previstas para o ano 2009 nesta orde estará limitada aos créditos das aplicacións orzamentarias establecidas na disposición adicional sétima desta orde. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Sétima.-En virtude do anterior, no exercicio económico 2009, as subvencións reguladas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322C.470.1, código de proxecto 2009 00996, cun crédito de 2.050.000 euros; 16.02.322C.470.1, código de proxecto 2009 01002,

cun crédito de 7.750.000 euros; 16.02.322C.470.2, código proxecto 2009 01016, cun crédito de 5.085.208 euros; 16.02.322C.470.3, código de proxecto 2009 01017, cun crédito de 7.250.000 euros; 16.02.322C.481.0, código proxecto 2009 01074, cun crédito de 5.000 euros; 16.02.322C.481.0, código proxecto 2009 01075, cun crédito de 5.000 euros; e 16.02.322C.481.1, código proxecto 2009 01073, cun crédito de 50.000 euros.

Estas contías están recollidas no proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 16 de outubro de 2008, e constitúen o importe global para o financiamento desta orde, e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea e actuacións de apoio a persoas emprendedoras, autoemprego e integración laboral das persoas con discapacidade, incluídas no programa orzamentario 322C.

Estes créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

De conformidade co disposto no artigo 3.3º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola orde do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, a concesión das subvencións reguladas nesta orde estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Oitava.-Os incentivos establecidos no programa de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria quedan sometidos ao réxime de axudas *de minimis*, establecidos no regulamento CE nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE L 379, do 28 de decembro).

Polo tanto, a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada.

Novena.-O programa de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo Plurirrexional de Adaptabilidade e Emprego, número 2007 ES 05 UPO 001, aprobado pola decisión da Comisión Europea con data do 15 de decembro de 2007, no marco de programación 2007-2013.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

*ANEXO A***Programa de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria****Ámbito e réxime das axudas***Primeira.-Obxecto.*

1. Este programa ten por obxecto incentivar a contratación indefinida de traballadores e traballadoras con discapacidade desempregados/as, coa finalidade de fomentar e favorecer a súa integración laboral no sistema ordinario de traballo.

2. Os contratos indefinidos iniciais e as transformacións de contratos temporais en indefinidos para que poidan ser obxecto de subvención, deberán formalizarse por escrito, comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, e ter data de inicio comprendida entre o 16 setembro de 2008 e o 15 de setembro de 2009, ambas inclusive.

Segunda.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas neste programa as empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, incluídos autónomos/as, sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadores e traballadoras con discapacidade para prestaren servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos neste anexo e non incorran nas circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de sociedades civís e comunidades de bens, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación.

2. Non poderán ser beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas

nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

Terceira.-Exclusións e requisitos.

1. Exclúense dos beneficios regulados nesta orde:

a) As contratacións realizadas con traballadores e traballadoras que, nos 24 meses anteriores á data da contratación, prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato por tempo indefinido. Isto tamén será de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou traballadora con empresas ás cales a solicitante dos beneficios sucede, en virtude do establecido no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

b) Traballadores e traballadoras que finalizasen a súa relación laboral de carácter indefinido nun prazo de 3 meses previos á formalización do contrato polo cal se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou por despedimento colectivo.

2. As exclusións previstas no punto 1. a) e b) non serán de aplicación cando a contratación indefinida se realice cun traballador ou traballadora con discapacidade procedente dun centro especial de emprego e no suposto da incorporación ás empresas colaboradoras dos traballadores e traballadoras con discapacidade procedentes dun enclave laboral.

3. Para que poidan ser de aplicación os incentivos previstos neste anexo, as contratacións deberán realizarse para ocupar postos de traballo que non quedasen vacantes como consecuencia dun despedimento declarado improcedente.

4. Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, establecido no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE L 379, do 28 de decembro), non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se recolle no Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros, cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

5. As empresas que teñan cincuenta ou máis traballadores deberán cumprir a cota de reserva para persoas con discapacidade, conforme se dá ocupa-

ción, polo menos, ao 2 por cento de traballadores con discapacidade sobre o total dos traballadores ou, no seu defecto, as medidas de carácter excepcional establecidas no artigo 38 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración laboral das persoas con discapacidade, e regulado no Real decreto 364/2005, do 8 de abril.

Cuarta.-Axudas.

1. As empresas que contraten con carácter indefinido a traballadores ou traballadoras cunha minusvalidez igual ou superior ao 33% que estean en situación de desemprego e inscritos/as como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación poderán obter as seguintes axudas:

a) Unha subvención de 3.907 euros por cada traballador ou traballadora con discapacidade contratado ou contratada por tempo indefinido a xornada completa.

b) Un incentivo adicional ao previsto na alínea a) desta base de 600 euros, no caso da contratación indefinida de persoas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 49% ou no suposto das persoas con parálise cerebral, con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%.

c) Cando se trate da contratación indefinida dunha muller con discapacidade, establécese un incentivo adicional aos anteriores de 600 euros, calquera que sexa o seu grao de minusvalidez.

d) Unha subvención, compatible coas anteriores, que poderá alcanzar os 902 euros, para a adaptación dos postos de traballo ou para a dotación de equipamentos de protección persoal necesarios para evitar accidentes laborais ao traballador ou traballadora con discapacidade contratado/a, ou para eliminar barreiras ou obstáculos que impidan ou dificulten o traballo dos traballadores/as con discapacidade. A necesidade da adaptación ou dos medios especiais de protección persoal deberá contar co informe favorable da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Esta axuda, se non é solicitada pola empresa, poderá ser solicitada polo propio traballador ou traballadora.

2. Serán obxecto das subvencións e, se é o caso, dos incentivos adicionais establecidos no número 1 desta base, as transformacións en indefinidos de contratos formativos e de contratos temporais de fomento do emprego para persoas con discapacidade.

3. As empresas colaboradoras que contraten con carácter indefinido un traballador ou traballadora con discapacidade do enclave laboral, segundo o previsto no Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade, que presente especiais dificultades para o acceso ao mercado ordinario de traballo, por

ser persoas con parálise cerebral, con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual, cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 33 por 100, ou por ser persoas con discapacidade física ou sensorial, cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 65 por 100, poderán obter as seguintes axudas:

a) Unha subvención de 7.814 euros por cada traballador ou traballadora con discapacidade contratado ou contratada a xornada completa. Esta subvención poderá ser destinada pola empresa colaboradora, total ou parcialmente, a servizos de apoio do/a traballador/a.

b) A subvención prevista no número 1, alínea d), desta base.

Para ter dereito ás axudas previstas neste número, a contratación deberá realizarse sen solución de continuidade e transcorrido, polo menos, un prazo de tres meses desde o inicio do enclave ou desde a incorporación do traballador ou traballadora, se esta for posterior ao inicio do enclave.

No caso da contratación doutros traballadores ou traballadoras con discapacidade do enclave non incluídos nos supostos do parágrafo primeiro deste número, as axudas serán as establecidas no número 1 desta base.

4. Cando o contrato por tempo indefinido se realice a tempo parcial, as subvencións e os incentivos adicionais, se é o caso, reduciranse proporcionalmente á xornada pactada.

5. A subvención prevista no número 1, alínea d), desta base será aplicable ás empresas que celebren contratos temporais de fomento do emprego para persoas con discapacidade, de acordo co establecido na disposición adicional primeira da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, ou, sempre que a súa duración sexa igual ou superior a 12 meses, contratos en prácticas ou para a formación, ou contratos de duración determinada ao abeiro do artigo 15 do Estatuto dos traballadores.

Quinta.-Prazos de presentación de solicitudes.

1. As solicitudes de axuda á contratación deberán presentarse nos dous meses seguintes á data en que se inicie a relación laboral en virtude dunha contratación inicial ou se produza a transformación do contrato en indefinido, respectando en todo caso o prazo xeral establecido no artigo 5º.2 da orde.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da alta na Seguridade Social. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento, non houbera día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

2. As solicitudes de axuda para a adaptación de postos de traballo deberán presentarse antes do ini-

cio desta adaptación, respectando, en todo caso, o prazo xeral establecido no artigo 5º.2 da orde.

Sexta.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde e deberán ir acompañadas, ademais da documentación común establecida no artigo 6º da orde, do orixinal ou fotocopia debidamente compulsada, da seguinte documentación:

a) Relación nominal dos traballadores ou traballadoras por quen se solicita subvención, (segundo modelo anexo III-A).

b) Copia simple do DNI do traballador ou traballadora.

c) No caso de contratación inicial, documentos acreditativos do tempo de permanencia no paro segundo os datos do informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, agás no caso de que se trate dun traballador ou traballadora que proveña dun centro especial de emprego, así como contrato de traballo e alta na Seguridade Social.

d) Cando se trate de transformacións de contratos temporais en indefinidos realizados con traballadores/as con discapacidade, o contrato temporal do cal trae causa e as súas posibles prórrogas, así como a comunicación da conversión do contrato temporal en indefinido á oficina pública de emprego e a comunicación da variación de datos á Seguridade Social.

e) Alta no imposto de actividades económicas ou, se é o caso, no censo de obrigados tributarios.

f) Descrición detallada do posto de traballo que se vai cubrir e as súas características técnicas.

g) No suposto de empresas colaboradoras en enclaves laborais, contrato celebrado co centro especial de emprego, nos termos e condicións establecidas no artigo 5º do Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro.

h) Declaración da empresa sobre os custos salariais anuais do traballador ou traballadora contratada, xunto con copia da nómina.

i) No caso de axudas para adaptación dos postos de traballo ocupados por traballadores/as con discapacidade, se é o caso, memoria descritiva da necesidade de adaptación ou dotación de medios de protección persoal con indicación do seu custo e calendario de execución.

j) No caso de empresas que teñan cincuenta traballadores ou máis, declaración responsable do cumprimento da cota de reserva para persoas con discapacidade, conforme o establecido na base terceira, número 5 deste anexo, (segundo o modelo do anexo IV-A).

k) De ser o caso, resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) que recoñeza a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio

de Defensa que recoñeza unha pensión por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Sétima.-Xustificación do pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se establezan na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar, xunto coa declaración complementaria establecida no artigo 10º desta orde, a seguinte:

A xustificación para a percepción da subvención para a adaptación do posto de traballo requirirá a presentación da documentación xustificativa da súa realización e do seu efectivo pagamento.

2. Non poderá realizarse a proposta de pagamento da subvención concedida ata a incorporación, no caso de que non conste no expediente, dos seguintes informes que solicitará a Delegación Provincial da Consellería de Traballo na fase de instrución:

-Dos equipos multiprofesionais, sobre a adecuación do posto de traballo á discapacidade dos traballadores ou traballadoras contratados/as.

-Da Inspección de Traballo, sobre a necesidade de adaptación ou de medios especiais de protección persoal, para o suposto de solicitude de subvención de adaptación de postos de traballo.

Incompatibilidades e obrigas.

Oitava.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. Os diferentes tipos de axuda previstos neste programa serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego.

2. As axudas establecidas á contratación indefinida neste programa serán compatibles coas bonificacións nas cotas á Seguridade Social establecidas na Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego e non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se subvenciona.

Novena.-Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias.

Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das axudas e subvencións previstas neste anexo, ademais das xerais recollidas no artigo 12º desta orde, as seguintes:

1. As persoas ou entidades beneficiarias da subvencións pola contratación indefinida de persoas con discapacidade deberán manter no seu cadro de persoal fixo aos traballadores e traballadoras contratados/as ao abeiro deste programa, por un período mínimo de tres anos, non podendo despedir estes traballadores/as sen causa xustificada, e, no caso de

despedimento procedente, deberán substituílos por outros traballadores/as con discapacidade.

Para o suposto de despedimento procedente ou baixa voluntaria destes traballadores, se non puidesen substituírse por non existir candidato idóneo no servizo público de emprego, procederá o reintegro parcial da subvención correspondente ao período de tempo que quedou sen cubrir o posto de traballo.

No suposto de despedimento declarado ou recoñecido improcedente do traballador ou traballadora subvencionada, procederá o reintegro das subvencións percibidas polos ditos traballadores e a existencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando se produza unha baixa deberá ser comunicada pola entidade beneficiaria á correspondente delegación provincial da Consellería de Traballo, dentro dos quince días seguintes. A substitución deberá realizarse no prazo dun mes desde a data da baixa. Una vez realizada a substitución, deberá ser comunicada pola entidade beneficiaria á delegación provincial, dentro dos quince días seguintes, achegando a documentación sinalada na base sexta, letras b), c), d) e f) deste anexo.

2. Co fin de garantir o cumprimento do anterior, as empresas deberán presentar anualmente, dentro do primeiro trimestre, á Delegación Provincial da Consellería de Traballo unha relación dos traballadores ou traballadoras polos cales se lles concederon axudas para efectos de acreditar a súa permanencia na empresa e, no caso de despedimento procedente, dos traballadores ou traballadoras que os/as substituíron; esta obriga esténdese durante os tres anos seguintes á data de concesión da axuda.

3. As persoas ou entidades beneficiarias da subvención á adaptación de postos de traballo deberán manter o destino dos bens subvencionados polo mesmo tempo que están obrigados a manter o posto de traballo a cuxa adaptación aqueles bens serven, que non será inferior ao período mínimo de amortización do ben subvencionado.

ANEXO B

Programa de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego

Obxecto e beneficiarios

Primeira.-*Obxecto.*

O obxecto deste programa é incentivar a creación, ampliación e mantemento de emprego nos centros especiais de emprego mediante o financiamento parcial de iniciativas ou proxectos técnica, económica e financeiramente viables que xeren emprego, preferentemente estable para traballadores e traballadoras con discapacidade.

Segunda.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios os centros especiais de emprego que figuren inscritos como tales no Rexistro de Centros Especiais de Emprego desta comunidade autónoma, de acordo co disposto no Decreto 200/2005, do 7 de xullo, sempre que se cumpran as condicións e os requisitos establecidos neste anexo para cada tipo de axuda e non incorran nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-*Tipos de axuda.*

Neste programa recóllense as accións subvencionables e tipos de axudas seguintes:

a) Proxectos de creación e de ampliación do cadro de persoal de centros especiais de emprego.

-Axudas para asistencia técnica.

-Subvención financeira.

-Subvención en función do investimento en activo fixo.

b) Mantemento de centros especiais de emprego.

-Subvención do custo salarial.

-Subvención para a adaptación de postos de traballo.

-Subvención para o saneamento financeiro.

-Subvención para o equilibrio orzamentario.

Cuarta.-*Proxectos de creación e de ampliación do cadro de persoal de centros especiais de emprego.*

1. As axudas para creación e ampliación de centros especiais de emprego reguladas neste anexo teñen por finalidade apoiar proxectos xeradores de emprego de carácter estable para persoas con discapacidade, a través da creación de novos postos de traballo para persoas con discapacidade inscritas como demandantes de emprego non ocupadas no servizo público de emprego ou da transformación de contratos temporais en indefinidos, sempre que se xustifique adecuadamente o investimento que implica o proxecto para algunha ou algunhas das seguintes accións:

a) Axudas para asistencia técnica.

Poderanse subvencionar os gastos ocasionados pola asistencia técnica necesaria para a creación ou ampliación de centros especiais de emprego.

Esta asistencia técnica só poderá solicitarse durante o primeiro ano, contado desde a data de constitución do centro, e deberán prestala empresas ou persoas físicas especializadas que reúnan garantía de solvencia profesional e poderá consistir n'algunha das modalidades seguintes:

-Estudos de viabilidade, organización, comercialización e outros de natureza análoga.

-Contratación de directores/as, xerentes ou técnicos/as, por un período máximo dun ano.

-Auditorías e informes económicos, sempre que estes non se realicen de xeito obrigatorio por unha disposición que así o exixa.

-Labores de asesoramento nas diversas áreas de xestión empresarial, excluídas as tarefas que, pola súa natureza, teñan carácter ordinario e continuado na actividade da empresa.

A asistencia técnica poderá ser subvencionada ata o 50% do seu custo.

b) Subvención financeira.

A subvención financeira ten por finalidade facilitar o emprego nos centros especiais de emprego, mediante a redución dos xuros dos préstamos para financiar investimentos en activo fixo, concedidos polas entidades financeiras que teñan subscrito convenio coa Consellería de Traballo e solicitados a nome dos centros especiais de emprego. Non obstante, no caso de constitución do centro especial de emprego, poderase destinar ata un 25% do préstamo a financiar o activo circulante.

Esta subvención será, como máximo, de seis puntos do tipo de xuro fixado pola entidade de crédito que conceda o préstamo, pagadoira dunha soa vez, en contía calculada como se a subvención se xerara cada ano da duración deste, incluído o posible período de carencia.

En ningún caso, o tipo de xuro que deba satisfacer a entidade beneficiaria, despois de calculado o subsidio, poderá resultar inferior a un punto.

c) Subvención en función do investimento en activo fixo.

Aqueles centros especiais de emprego que se consideren proxectos de recoñecido interese social poderán beneficiarse dunha axuda calculada en función do investimento en activo fixo que se realice durante o ano natural, excluídos os impostos que graven a adquisición.

2. As iniciativas e proxectos referentes aos centros especiais de emprego que soliciten os beneficios recollidos no número anterior, deberán reunir viabilidade técnica, económica e financeira e supoñer a creación de emprego estable. A subvención polos tres tipos de axudas poderá acadar a contía de 12.000 euros por cada posto de traballo creado con carácter indefinido para traballadores e traballadoras con discapacidade inscritas como demandantes de emprego non ocupados no servizo público de emprego ou a través da transformación de contratos temporais en indefinidos.

Para os efectos destas subvencións unicamente serán subvencionables aqueles novos postos de traballo que, sendo cubertos con persoas con discapacidade con carácter estable, sexan creados a partir do 16 de setembro de 2008 e supoñan incremento res-

pecto ao cadro de persoal fixo de persoas con discapacidade que tiña o centro no derradeiro expediente de axudas a proxectos de creación e de ampliación do cadro de persoal de centros especiais de emprego.

Para a determinación da contía das axudas aplicaranse os criterios de gradación seguintes:

a) A porcentaxe de traballadores e traballadoras con discapacidade respecto do total do cadro de persoal do centro especial de emprego. Só se poderá acadar a contía máxima da subvención cando o número de traballadores e traballadoras con discapacidade supere o 90% do cadro de persoal. Se o número de traballadores e traballadoras con discapacidade do centro especial de emprego está comprendido entre o 70% e o 90% do total do seu cadro de persoal a subvención por posto de traballo creado con carácter estable, poderá ser de ata o 90% da contía máxima.

Tamén se poderá acadar a contía máxima cando o número de persoas con discapacidade supere o límite mínimo legal (70%) e se complete o cadro de persoal ata superar o 90% coa contratación doutros colectivos en risco de exclusión social. A situación de exclusión social deberá acreditarse documentalmente e, para os efectos, entenderase por colectivos na dita situación os seguintes:

-Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadramento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.

-Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.

-Internos e internas de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado após un período de privación de liberdade.

-Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.

-As persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.

-Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral, e transexuais ou en procesos de reasignación sexual.

-Menores internos/as incluídos/as no ámbito de aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixiada e os ex-reclusos e ex-reclusas.

-Mozos e mozas que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración autonómica.

-Traballadores e traballadoras inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súas posibilidades de integración social.

-Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.

-Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

-Traballadores e traballadoras cunha discapacidade acreditada inferior ao 33%.

Para os efectos de determinar a porcentaxe de traballadores e traballadoras con discapacidade, non se computará o persoal sen discapacidade dedicado á prestación de servizos de axuste persoal e social, así como o que preste servizos naquelas actividades ou postos de traballo específicos que, pola súa propia natureza ou complexidade, non poidan ser desempeñados por persoas con discapacidade.

Entenderanse por servizos de axuste persoal e social os de rehabilitación, terapéuticos, de integración social, culturais e deportivos que procuren ao traballador ou traballadora con discapacidade do centro especial de emprego unha maior rehabilitación persoal e mellor adaptación da súa relación social.

b) Grao de minusvalidez dos traballadores e traballadoras contratados/as: as contías máximas das axudas, unha vez aplicado o criterio da alínea a) anterior poderán ser acadadas cando o grao de minusvalidez destes traballadores/as sexa igual ou maior do 49%. No caso de que sexa inferior, a contía máxima da subvención poderá ser de ata o 90%.

c) Grao de minusvalidez da totalidade dos traballadores e traballadoras con discapacidade do centro especial de emprego: as contías máximas das axudas, unha vez aplicados os criterios das alíneas a) e b) anteriores, poderán ser acadadas no caso de que máis da metade do cadro de persoal discapacitado do centro teña unha minusvalidez igual ou superior ao 49%. No caso de que sexa inferior, a contía máxima da subvención será do 90%.

No caso de tratarse de centros sen ánimo de lucro, segundo a cualificación rexistral do artigo 10 do Decreto 200/2005, do 7 de xullo, soamente será de aplicación o criterio de gradación establecido na alínea a) anterior.

No caso de contratacións indefinidas a tempo parcial, os importes das axudas serán proporcionais á duración da xornada estipulada no contrato.

As contías das subvencións a que se fai referencia neste número teñen carácter de máximo.

Quinta.-Mantemento de centros especiais de emprego.

Para o mantemento de postos de traballo, ocupados por persoas con discapacidade, establécense as seguintes axudas:

a) Subvención do custo salarial correspondente aos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade que realicen unha xornada de traballo laboral normal e que estean en alta na Seguridade Social, ata un importe do 50% do salario mínimo interprofesional, correspondente, como máximo, a doce mensualidades e dúas pagas extraordinarias.

No suposto de contratos de traballo a tempo parcial, a subvención experimentará unha redución proporcional á xornada laboral realizada.

No suposto de que nun mesmo mes se produzan variacións na duración da xornada laboral do traballador ou da traballadora con discapacidade, soamente terase en conta para calcular a contía a conceder nesa mensuralidade a porcentaxe da xornada laboral inferior.

Cando o traballador ou traballadora se atope en situación de incapacidade temporal, o importe da subvención salarial referirase exclusivamente aos días en que o pagamento sexa por conta, obrigatoriamente, do centro especial de emprego, de conformidade co que dispoña a normativa da Seguridade Social.

Subvencionaranse dúas pagas extraordinarias ao ano, correspondentes ao período e xornada en alta na Seguridade Social, incluído o período no que o traballador ou traballadora con discapacidade se atope en situación de incapacidade temporal. Igualmente será subvencionable o período de vacacións anuais retribuído e cotizado, no que se incluírá así mesmo o período no que o traballador ou traballadora con discapacidade se atope en situación de incapacidade temporal.

Non se concederá a subvención do custo salarial correspondente á mensuralidade na que o traballador ou traballadora con discapacidade estivese prestando servizos a través de dous ou máis contratos de natureza temporal.

Non se subvencionará a contratación de novos traballadores ou traballadoras con discapacidade cando os postos de traballo que ocupen quedaran vacantes como consecuencia dun despedimento declarado ou recoñecido improcedente.

b) Subvención para adaptación de postos de traballo e eliminación de barreiras arquitectónicas por un importe non superior ao custo real e, en todo caso, cunha contía máxima de 1.800 euros por posto de traballo.

c) Subvención por unha soa vez destinada a equilibrar e sanear financeiramente aos centros especiais de emprego co fin de lograr a súa reestruturación para alcanzar niveis de produtividade e rendibilidade que garantan a súa viabilidade e estabilidade.

d) Subvención dirixida a equilibrar o orzamento nos centros especiais de emprego que carezan de ánimo de lucro e sexan de utilidade pública e imprescindibles polo labor que realizan.

Non se poderán conceder subvencións para o equilibrio orzamentario cando os resultados económicos adversos deriven dunha xestión deficiente do centro.

Para a concesión e determinación da contía desta subvención aplicarase o disposto no artigo 12 do Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento dos centros especiais de emprego, polo que se terá en conta:

-A actividade, dimensión, estrutura, titularidade e xerencia do centro.

-A composición do seu cadro de persoal, con especial atención á proporción de traballadores e traballadoras con discapacidade respecto do total no centro especial de emprego, así como á natureza e grao de minusvalidez dos seus compoñentes, en relación coa súa capacidade produtiva e de adaptación ao posto de traballo que desempeñen.

-A modalidade e condicións dos contratos subscritos.

-As variables económicas que concorran no centro en relación co seu obxecto e función social.

-Os servizos de axuste persoal e social que lles preste o centro aos seus traballadores e traballadoras con discapacidade.

Solicitudes, documentación e xustificación.

Sexta.-*Prazos de presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes de asistencia técnica, subvención financeira e subvención en función do investimento en activo fixo deberán presentarse respectando en todo caso o prazo xeral establecido no artigo 5º.2 da orde.

2. Para a subvención do custo salarial deberá presentarse unha única solicitude que comprenderá as mensualidades do ano 2008 non percibidas e a previsión dos custos salariais polas mensualidades ata setembro de 2009, esta incluída. O prazo para a presentación desta solicitude finalizará o 30 de abril. Para os centros especiais de emprego que soliciten a súa cualificación e inicien á súa actividade por seren de nova creación, a solicitude poderá presentarse ata o 15 de setembro.

Para cubrir a da solicitude de subvención do custo salarial e dos seus pagamentos fraccionados poderá empregarse a aplicación informática de axuda facilitada pola Consellería de Traballo na súa páxina web, na epígrafe de axudas e subvencións.

3. As solicitudes de subvención para adaptación de postos de traballo presentaranse con anterioridade á realización da adaptación, respectando, en todo caso, o prazo xeral establecido no artigo 5º.2 da orde.

4. As solicitudes de axudas para o saneamento financeiro e o equilibrio orzamentario dos centros especiais de emprego deberán presentarse respec-

tando, en todo caso, o prazo xeral establecido no artigo 5º.2 da orde.

Sétima.-*Solicitudes e documentación.*

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos á orde e deberán ir acompañadas, ademais da documentación común establecida no artigo 6º da orde, do orixinal ou copia compulsada, da documentación que se relaciona:

1. Documentación común para todos os tipos de axudas:

a) Certificación da inscrición do centro especial de emprego ou, no seu defecto, solicitude de inscrición.

b) Memoria que recolle a titularidade do centro, enderezos dos centros de traballo, actividades, cumprimento ou non dos seus obxectivos económicos e de axuste persoal e social, e as causas que as motivaron. No caso de centros que realicen contratos previstos no Real decreto 346/2005, do 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva en favor de traballadores e traballadoras con discapacidade, a memoria conterá a tipoloxía das accións realizadas e os recursos aplicados de acordo co artigo 4.1º do citado real decreto.

Para as solicitudes de subvención do custo salarial, agás os centros de nova creación, e para adaptación do posto de traballo non será necesario a presentación desta memoria.

c) Certificación da relación nominal dos traballadores e traballadoras do cadro de persoal do centro especial de emprego con indicación da relación dos/as traballadores/as con discapacidade contratados/as e daqueles e daquelas polos cales se solicita a subvención, a relación dos/as traballadores/as de axuste persoal e social que teña o centro e daqueles e daquelas traballadores/as non afectados/as por discapacidade, con indicación dos/as que realizan servizos e/ou ocupan postos que, pola súa especificidade non pode realizalos o persoal con discapacidade, (segundo o modelo do anexo VII-B), agás no caso da subvención ao custo salarial e para adaptación de postos de traballo en que se xuntará unha relación nominal dos/aas traballadores/as con discapacidade polos cales se solicita subvención.

2. Documentación específica para a axuda de asistencia técnica:

a) Memoria explicativa do contido da modalidade de asistencia solicitada.

b) Cando se trate da modalidade de contratación o *curriculum vitae* da persoa que vai prestar o servizo.

c) Cando se trate de estudos ou de asesoramento, o orzamento detallado e un índice do seu contido, así como a memoria da entidade ou o *curriculum vitae* da persoa que realice o estudo ou asesoramento.

3. Documentación específica para a subvención financeira:

a) Memoria económica do proxecto que inclúa o orzamento de investimento e o plan de financiamento en relación coa finalidade ou obxecto da axuda e xustificación da súa necesidade.

b) Compromiso da entidade financeira sobre a súa concesión, en que figuren as súas características e se faga constar que a operación se acolle ao convenio subscrito para tal fin (segundo o modelo do anexo XIV) ou, de ser o caso, o contrato de préstamo.

c) Facturas proforma ou orzamentos dos activos fixos e, se é o caso, xustificantes dos activos circulantes que se financiarán co préstamo.

4. Documentación específica para as subvencións en función do investimento en activo fixo:

a) Memoria ampliada do proxecto e antecedentes.

b) Detalle do plan de investimentos en activos fixos e calendario para a súa execución xunto con facturas proforma e orzamentos.

c) Estudo económico-financeiro de viabilidade do proxecto.

d) Balance de situación e conta de perdas e ganancias dos dous últimos exercicios e provisionais para os dous próximos exercicios.

5. Documentación específica para a subvención do custo salarial:

a) Relación nominal dos traballadores e traballadoras con discapacidade por quen se solicita a subvención e contía solicitada (segundo o modelo do anexo X-B).

b) Documentación do cadro de persoal de novos/as traballadores e traballadoras con discapacidade: contratos de traballo, altas e variacións de datos na Seguridade Social e, de ser o caso, resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) en que recoñeza a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa que recoñeza unha pensión por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

c) Fotocopia compulsada dos documentos TC-1 e TC-2, correspondentes ao mes de outubro do ano anterior ou ao primeiro mes polo que se solicita a subvención, para o caso de centros que inician a súa actividade por ser de nova creación, e solicitan a súa cualificación como centros especiais de emprego.

d) Recibos de salarios e documento bancario de transferencia que acredite o seu pagamento, dos traballadores e traballadoras con discapacidade, correspondentes ao mes de outubro do ano anterior, ou ao primeiro mes polo cal se solicita a subvención,

para o caso de centros que inician a súa actividade por seren de nova creación.

6. Documentación específica para a subvención de adaptación de postos de traballo:

a) Relación nominal dos traballadores e traballadoras con discapacidade por quen se solicita a subvención (segundo o modelo do anexo X-B).

b) Memoria explicativa do obxecto da axuda e xustificación da súa necesidade.

c) Orzamento ou facturas proforma do investimento que se vai realizar.

7. Documentación específica para as subvencións de saneamento financeiro ou equilibrio orzamentario:

a) Memoria explicativa do desequilibrio económico ou orzamentario e a súa orixe: antecedentes do centro.

b) Estudo económico-financeiro de viabilidade.

c) Balances de situación e conta de perdas e ganancias dos dous últimos exercicios e provisionais para os dous próximos exercicios.

Oitava.-Pagamento e xustificación.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación común e da específica que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar, xunto coa declaración complementaria establecida no artigo 10º.7 da orde, a relacionada nos puntos seguintes:

A. Documentación común:

a) Certificación da inscrición da entidade no Rexistro de Centros Especiais de Emprego, de non achegarse con anterioridade.

b) Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención segundo o tipo de axuda.

B. Documentación específica:

a) Cando se trate de asistencia técnica na súa modalidade contractual, xuntarse copia do contrato e alta na Seguridade Social. Para as outras modalidades de asistencia técnica, xuntaranse as facturas acreditativas do custo do servizo recibido e, para o caso da elaboración de estudos ou informes, presentarse copia del.

b) Cando se trate da subvención financeira, xuntarse copia do contrato de préstamo.

c) Cando se trate da subvención en función do investimento en activo fixo, xuntaranse documentos xustificativos da súa realización e do seu efectivo pagamento mediante transferencia bancaria.

d) Cando se trate dalgunha das axudas recollidas na base cuarta deste anexo, achegarase documentación acreditativa da contratación e alta na Seguridade Social das persoas con discapacidade que ocupan os novos postos de traballo creados con carácter estable.

De ser o caso, resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) que recoñeza a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa que recoñeza unha pensión por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

2. Cando se soliciten e concorran varias axudas ou subvencións só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente, tanto na fase de solicitude como na de xustificación.

3. As entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento, no prazo sinalado na resolución de concesión, ou en todo caso, ata o 30 de novembro de 2009.

Novena.-Pagamentos da subvención do custo salarial.

1. Unha vez emitida a resolución da subvención do custo salarial, en función do cadro de persoal con discapacidade acreditado coa solicitude, o pagamento quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, da documentación que se exixa de forma expresa na resolución de concesión, xustificativa da realización da actividade para a que se concede a subvención.

2. Poderán realizarse pagamentos a conta da subvención concedida, que supoñan a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse pola contía equivalente á xustificación presentada, ata unha porcentaxe non superior ao 80 por cento da subvención concedida.

Para os efectos de proceder ao pagamento fraccionado, a entidade beneficiaria deberá presentar, referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

a) Relación nominal dos traballadores e traballadoras con discapacidade polos que se solicita o pagamento fraccionado e a contía solicitada (segundo o modelo do anexo XI-B).

b) Recibos de salarios e documentos bancarios de transferencia que acrediten o seu pagamento.

c) Documentos TC1 e TC2 ingresados da mensualidade ou mensualidades polas cales se solicita o pagamento a conta.

d) De ser o caso, copia dos contratos de traballo e partes de alta á Seguridade Social, correspondentes aos novos traballadores contratados no mes obxecto de pagamento a conta, así como todas as variacións de datos á Seguridade Social realizadas no dito mes.

De ser o caso, resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) que recoñeza a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa que recoñeza unha pensión por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

e) Nos supostos de incapacidade temporal, achegarase parte de baixa e alta.

3. O pagamento final da subvención concedida realizarase unha vez presentada a documentación relacionada na base anterior, referida aos meses pendentes de pagamento.

4. Co pagamento final da subvención farase unha única resolución revocatoria ou complementaria, se da documentación presentada pola entidade beneficiaria para o pagamento quedase xustificada outra contía de subvención da inicialmente concedida.

Se coa documentación xustificativa para o pagamento final da subvención concedida no exercicio 2008 for necesario emitir unha resolución complementaria, o seu pagamento poderá efectuarse con cargo aos créditos que financian esta orde.

Décima.-Pagamentos anticipados da subvención do custo salarial.

1. No suposto de que as entidades beneficiarias estean recoñecidas como centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, conforme o previsto no artigo 10º do Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento, (DOG nº 138, do 19 de xullo de 2005), poderá realizarse un pagamento anticipado do 50 por cento do total da subvención concedida, con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

2. O pagamento anticipado poderá solicitarse expresamente pola entidade beneficiaria unha vez notificada a resolución de concesión, e xunto coa solicitude deberá presentarse a xustificación da constitución da garantía a favor da Consellería de Traballo (Xunta de Galicia), mediante seguro de caución prestado pola entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, conforme co previsto no artigo 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Unha vez que as cantidades xustificadas superen ás anticipadas, aboaranse o resto das mensualidades conforme o pagamento fraccionado e final establecido na base novena deste anexo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

ANEXO I-A

**UNIÓN
EUROPEA**
Fondo Social
Europeo



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO AXUDAS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE: (INDICAR CUN X AS QUE SE SOLICITEN) ☐ AXUDA PARA A CONTRATACIÓN INDEFINIDA ☐ INCENTIVO ADICIONAL: GRAO MINUSVALIDEZ IGUAL O SUPERIOR AO 49% ☐ INCENTIVO ADICIONAL: MULLERES ☐ AXUDA PARA ADAPTACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR343A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA EMPRESA

NOME OU RAZÓN SOCIAL	CIF / NIF	Nº INSCRICIÓN NA S.S.		
ENDEREZO SOCIAL	DATA DE ALTA NO IAE	CNAE		
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN)	CORREO ELECTRÓNICO			
CENTRO DE TRABALLO (ENDEREZO, LOCALIDADE, CONCELLO, PROVINCIA, CP E TELÉFONO)	Nº TRABALLADORES CENTRO TRABALLO			
Nº INSCRICIÓN S.S. DO CENTRO DE TRABALLO	CONTRATACIÓNS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN ¹	ADAPTACIÓNS DOS POSTOS DE TRABALLO ²		
Nº TRABALLADORES DA EMPRESA ³	CONTRATACIÓNS INICIAIS INDEFINIDAS	Nº DE TRANSFORMACIÓNS EN INDEFINIDOS	Nº POSTOS	ORZAMENTO

¹ Indica o número de contratacións polas que se solicita subvención.² Indicar o orzamento aproximado para a adaptación e o número de postos de traballo para os que se solicita.³ Número de traballadores da empresa no ámbito territorial de Galicia.**E, na súa representación:**

APELIDOS	NOME	DNI	TELÉFONO
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	
CONCELLO	FAX	EN CALIDADE DE	

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO			
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DECLARA QUE:

a) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

b) Non se incorre en ningunha das causas de incompatibilidade sinaladas no artigo 11º e na base 8ª do anexo A, non concorre ningunha das causas de exclusión sinaladas na base 3ª do anexo A nin nas circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cúmplense os requisitos sinalados na base 3ª do anexo A, e reúnen as condicións para poder ser beneficiaria de acordo co establecido na base 2ª do anexo A da orde de convocatoria.

c) Indicar o que corresponda:

- ☐ Non ter solicitado nin percibido ningunha outra axuda dunha administración ou entidade pública para o mesmo proxecto.
☐ Ter recibido ou solicitado as axudas que se indican (no modelo que figura como anexo XII).
☐ Ten dereito á bonificación de cotas á Seguridade Social que constan no/s correspondente/s contrato/s de traballo.

d) Autoriza a obtención dos certificados establecidos no artigo 7.1º da orde de convocatoria.

e) Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. (Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros na rúa Domingo Fontán, 9-15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).

f) Autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa paxina web oficial, con expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade.**e SOLICITA:**

As subvencións correspondentes ás contratacións arriba indicadas, dos traballadores que figuran no anexo III-A que se xunta, e para o suposto e tipo de incentivo que se describe nela e se acredita coa documentación que se xunta relacionada no anexo II-A.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

SIGNATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

En _____, _____

Delegado/a provincial en _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA ____/____/____
	DATA DE EFECTOS ____/____/____
	DATA DE SAÍDA ____/____/____

ANEXO II - A

AXUDAS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE

EXPEDIENTE

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (ARTIGOS 6º E 10º E ANEXO A, BASES 6ª E 7ª)

(INDICAR CUN X A QUE SE PRESENTA)

- ☐ SE O/A SOLICITANTE É PERSOA FÍSICA, DNI E ACREDITACIÓN DO NIF (ARTIGO 6º)
- ☐ SE O/A SOLICITANTE É PERSOA XURÍDICA, DNI E PODER SUFICIENTE DO REPRESENTANTE PARA ACTUAR NO NOME DA ENTIDADE E CIF DA EMPRESA (ARTIGO 6º)
DECLARACIÓN ACREDITATIVA DE SE ENCONTRAREN AO DÍA DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS -ESTATAIS E AUTONÓMICAS- E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE QUE NON TEÑEN PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA OUTRA DÉBEDA COA ADMINISTRACIÓN DA
- ☐ COMUNIDADE AUTÓNOMA, UNICAMENTE NO SUPOSTO DE QUE QUEN SOLICITA, LLE DENEGA EXPRESAMENTE A AUTORIZACIÓN AO ÓRGANO XESTOR PARA SOLICITAR AS CERTIFICACIÓNS QUE DEBAN EMITIR A AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA, A TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL E A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA DA XUNTA DE GALICIA (ARTIGO 6º)
- ☐ RELACIÓN NOMINAL DOS TRABALLADORES POLOS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN, NO MODELO ANEXO III-A (BASE 6º)
- ☐ COPIA SIMPLE DO DNI DO TRABALLADOR CONTRATADO (BASE 6º)
- ☐ NO CASO DE CONTRATACIÓN INICIAL: DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO TEMPO DE PERMANENCIA NO PARO SEGUNDO OS DATOS DO INFORME DA VIDA LABORAL NA TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, AGÁS QUE PROVEÑA DUN CEE, ASÍ COMO CONTRATO DE TRABALLO E ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL (BASE 6º)
- ☐ SE É O CASO, CERTIFICACIÓN DE MINUSVALIDEZ DO TRABALLADOR CANDO FORA EXPEDIDA POR UNHA ADMINISTRACIÓN DISTINTA Á DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (DISPOSICIÓN ADICIONAL 4ª)
- ☐ SE É O CASO, RESOLUCIÓN DO INSS RECOÑECENDO A INCAPACIDADE PERMANENTE TOTAL, ABSOLUTA OU GRANDE INVALIDEZ, OU RESOLUCIÓN DO MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA OU DO MINISTERIO DE DEFENSA RECOÑECENDO UNHA PENSIÓN POR XUBILACIÓN OU RETIRO POR INCAPACIDADE PERMANENTE PARA O SERVIZO OU INUTILIDADE (BASE 6º)
- ☐ NO CASO DE TRANSFORMACIÓN DO CONTRATO TEMPORAL EN INDEFINIDO: CONTRATO TEMPORAL E POSIBLES PRÓRROGAS; A COMUNICACIÓN DE CONVERSIÓN Á OFICINA PÚBLICA DE EMPREGO E A COMUNICACIÓN DE VARIACIÓN DE DATOS Á SEGURIDADE SOCIAL (BASE 6º)
- ☐ ALTA NO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS OU, SE É O CASO, NO CENSO DE OBRIGADOS TRIBUTARIOS (BASE 6º)
- ☐ DESCRICIÓN DETALLADA DO POSTO DE TRABALLO QUE SE VAI CUBRIR E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS (BASE 6º)
- ☐ NO SUPOSTO DE EMPRESAS COLABORADORAS EN ENCLAVES LABORAIS, CONTRATO CELEBRADO CO CEE (BASE 6º)
- ☐ DECLARACIÓN DA EMPRESA SOBRE OS CUSTOS SALARIAIS ANUAIS DO TRABALLADOR CONTRATADO, XUNTO CON COPIA DA NÓMINA (BASE 6º)
- ☐ SE É O CASO, MEMORIA DESCRITIVA DA NECESIDADE DE ADAPTACIÓN OU DOTACIÓN DE MEDIOS DE PROTECCIÓN PERSOAL (BASE 6º)
- ☐ NO CASO DE EMPRESAS QUE TEÑAN CINCUENTA TRABALLADORES OU MÁIS, DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DA COTA DE RESERVA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE, SEGUNDO O MODELO ANEXO IV-A (BASE 6º)
- ☐ DECLARACIÓN COMPRENSIVA DO CONXUNTO DE AXUDAS OU SUBVENCIÓNS PARA O MESMO PROXECTO OU ACTIVIDADES SOLICITADAS OU CONCEDIDAS ANTE AS ADMINISTRACIÓNS OU ENTIDADES PÚBLICAS SEGUNDO O MODELO ANEXO XII OU, DE SER O CASO DECLARACIÓN NO MODELO DE SOLICITUDE DE QUE NON SE SOLICITOU NIN SE PERCIBEU NINGUNHA AXUDA (ARTIGOS 6º E 10º)
- ☐ FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA E CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE FINANCEIRA ACREDITATIVA DE QUE QUEN SOLICITA É TITULAR DA CONTA, SEGUNDO O MODELO ANEXO XIII (ARTIGO 6º)
- ☐ DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS QUE ACREDITEN A ADAPTACIÓN DO POSTO DE TRABALLO E O SEU EFECTIVO PAGAMENTO (BASE 7ª)

* A documentación exixida no artigo 6º e na base 6ª ten que presentarse xunto coa solicitude.

* A documentación exixida no artigo 10º e na base 7ª é necesaria para proceder ao pagamento da subvención; non obstante e para axilizar a tramitación do expediente, poderá ser presentada xunto coa solicitude a opción do interesado.

ANEXO IV-A

DECLARACIÓN DO CUMPRIMENTO DA COTA DE RESERVA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (Real decreto 364/2005, do 8 de abril, BOE 20 de abril)

EXPEDIENTE	
PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

D/Dª con DNI nº
en nome e representación da empresa
con NIF/CIF nº en calidade de

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE:

- ☐ 1.- Que a empresa á data conta cun cadro de persoal, calculado segundo a disposición adicional primeira do Real decreto 364/2005, do 8 de abril (BOE do 20 de abril) de traballadores ou traballadoras, dos cales son persoas con discapacidade.
- ☐ 2.- Que a empresa ten a declaración de excepcionalidade para o cumprimento alternativo da cota de reserva a favor dos traballadores ou traballadoras con discapacidade regulada no Real decreto 364/2005.
- ☐ 3.- Que a empresa ten autorizada a adopción das medidas alternativas para cumprir á obriga de reserva de emprego, segundo se establece nos artigos 2º e 3º do Real decreto 364/2005, do 8 de abril, sinaladas a continuación:

(Indicar o que proceda)

- ☐ A celebración dun contrato civil ou mercantil con:
- O Centro Especial de Emprego con NIF/CIF/NIE
 - O traballador ou a traballadora autónoma Don/Dona con NIF/CIF/NIE
- ☐ A realización dunha doazón ou acción de patrocinio de carácter monetario para o desenvolvemento de actividades de inserción laboral e de creación de emprego de persoas con discapacidade, coa fundación ou asociación de utilidade pública con NIF/CIF/NIE
- ☐ A constitución dun enclave laboral, logo de subscripción do correspondente contrato cun Centro Especial de Emprego (Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, BOE do 21 de febreiro)
- Nome do Centro Especial de Emprego con NIF/CIF/NIE

E, para que así conste ante o órgano competente, asina a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____
(Sinatura e selo da entidade)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

ANEXO V-B



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

EXPEDIENTE

PROCEDIMENTO PROXECTOS DE CREACIÓN OU AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO: (INDICAR CUN X AS QUE SE SOLICITEN) ☐ AXUDAS PARA ASISTENCIA TÉCNICA. ☐ SUBVENCIÓN FINANCEIRA. ☐ SUBVENCIÓN PARA ACTIVO FIXO.	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO TR341E	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		FORMA XURÍDICA	
Nº DE REGISTRO COMO CEE	Nº INSCRIPCIÓN NA S.S.	CNAE	CIF / NIF
DOMICILIO SOCIAL		CORREO ELECTRÓNICO	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	LOCALIDADE
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRIPCIÓN)		CONVENIO COLECTIVO (1)	
CADRO DE PERSOAL DO CEE		Nº DE POSTOS DE TRABALLO QUE SE CREAN	
Nº TRABALLADORES MINUSVÁLIDOS		OUTROS TRABALLADORES	
PERSOAL DE SERVIZOS DE AXUSTE PERSOAL E SOCIAL		OU ESPECÍFICOS	

(1) Denominación e data de publicación

CENTRO DE TRABALLO: ENDEZEZO, LOCALIDADE, CONCELLO, PROVINCIA, CP, TELÉFONO

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI	TELÉFONO
ENDEZEZO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	
CONCELLO	FAX	EN CALIDADE DE	

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEZEZO			
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DECLARA QUE:

- a) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- b) Indicar o que corresponda:
- ☐ Constituíuse e iniciou a actividade como tal.
- ☐ Presentou solicitude de cualificación como centro especial de emprego.
- c) Non se incorre en ningunha das causas de incompatibilidade sinaladas no artigo 11º da orde de convocatoria, non concorre ningunha das circunstancias previstas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e reíñense as condicións para poder ser beneficiario de acordo co establecido na base 2ª do anexo B da orde de convocatoria.
- d) Indicar o que corresponda:
- ☐ Non ter solicitado nin percibido ningunha outra axuda dunha administración ou entidade pública para o mesmo proxecto.
- ☐ Ter recibido ou solicitado as axudas que se indican (no modelo que figura como anexo XII).
- e) Autoriza a obtención dos certificados establecidos no artigo 7º da orde de convocatoria.
- f) Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. (Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros na rúa Domingo Fontán, 9-15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).
- g) Autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, con expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade.

e SOLICITA:

Nos termos descritos na documentación que se xunta, relacionada no anexo VI-B, as subvencións indicadas na parte superior.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA , de de

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		
REVISADO E CONFORME		DATA DE ENTRADA ____/____/____
		DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____

Director xeral de Promoción de Emprego

ANEXO VI - B

PROXECTOS DE CREACIÓN E AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

EXPEDIENTE

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (ARTIGOS 6º E 10º E ANEXO B, BASES 7ª E 8ª)

1. DOCUMENTACIÓN XERAL:

- ☐ DNI / NIF DO/A SOLICITANTE, SE O SOLICITANTE É PERSOA FÍSICA (ARTIGO 6º)
- ☐ DNI E PODER SUFICIENTE DE REPRESENTACIÓN, SE O SOLICITANTE É PERSOA XURÍDICA, E NIF DO CEE (ARTIGO 6º)
DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE SE ENCONTRAREN AO DÍA DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS -ESTATAIS E AUTONÓMICAS- E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE QUE NON TEÑEN PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA OUTRA DÉBEDA COA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, UNICAMENTE NO SUPOSTO DE QUE QUEN SOLICITA LLE DENEGA EXPRESAMENTE A AUTORIZACIÓN AO ÓRGANO XESTOR PARA SOLICITAR AS CERTIFICACIÓNS QUE DEBAN EMITIR A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA, A TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL E A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA DA XUNTA DE GALICIA (ARTIGO 6º)
- ☐ CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN DO CEE OU, NO SEU DEFECTO, SOLICITUDE DE INSCRICIÓN (BASE 7ª E 8ª)
- ☐ MEMORIA DO CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO (BASE 7ª.1 LETRA b)
- ☐ CERTIFICACIÓN DA RELACIÓN NOMINAL DOS TRABALLADORES DO CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO (MODELO ANEXO VII-B) (BASE 7ª)
- ☐ CERTIFICADOS DE MINUSVALIDEZ DOS TRABALLADORES POLOS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN, CANDO O CERTIFICADO DE MINUSVALIDEZ FOSE EXPEDIDO POR UNHA ADMINISTRACIÓN DISTINTA Á DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, (DISPOSICIÓN ADICIONAL 4ª)
- ☐ SE É O CASO, RESOLUCIÓN DO INSS RECOÑECENDO A INCAPACIDADE PERMANENTE TOTAL, ABSOLUTA OU GRANDE INVALIDEZ, OU RESOLUCIÓN DO MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA OU DO MINISTERIO DE DEFENSA RECOÑECENDO UNHA PENSIÓN POR XUBILACIÓN OU RETIRO POR INCAPACIDADE PERMANENTE PARA O SERVIZO OU INUTILIDADE (BASE 8ª)
- ☐ DECLARACIÓN COMPRENSIVA DO CONXUNTO DE AXUDAS OU SUBVENCIÓNS PARA O MESMO PROXECTO OU ACTIVIDADE SOLICITADAS OU CONCEDIDAS ANTE AS ADMINISTRACIÓNS OU ENTIDADES PÚBLICAS NO MODELO DO ANEXO XII OU, DE SER O CASO, DECLARACIÓN DE QUE NON SOLICITOU NIN PERCIBIU AXUDAS NO MODELO DE SOLICITUDE (ARTIGOS 6º E 10º)
- ☐ FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA E CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE FINANCEIRA ACREDITATIVA DE QUE O SOLICITANTE É TITULAR DA CONTA SEGUNDO O MODELO DO ANEXO XIII (ARTIGO 6º)
- ☐ CONTRATOS E ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE QUE OCUPAN OS NOVOS POSTOS DE TRABALLO CREADOS CON CARÁCTER ESTABLE (BASE 8ª)

2. DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA:

A) ASISTENCIA TÉCNICA

- ☐ MEMORIA EXPLICATIVA DO CONTIDO DA MODALIDADE DE ASISTENCIA SOLICITADA (BASE 7ª)
- ☐ CURRICULUM VITAE DA PERSOA QUE VAI PRESTAR O SERVIZO (BASE 7ª)
- ☐ NO CASO DE ESTUDOS OU ASESORAMENTO, ORZAMENTO DETALLADO E ÍNDICE DESTES (BASE 7ª)
- ☐ NO SUPOSTO DE CONTRATACIÓN, COPIA DO CONTRATO E ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL (BASE 8ª)
- ☐ DE SER O CASO, FACTURAS DO CUSTO DO SERVIZO RECIBIDO E PARA O CASO DE ELABORACIÓN DE ESTUDOS OU INFORMES, COPIA DEL (BASE 8ª)

B) SUBVENCIÓN FINANCEIRA:

- ☐ MEMORIA ECONÓMICA DO PROXECTO QUE INCLÚA ORZAMENTO DO INVESTIMENTO E PLAN DE FINANCIAMENTO (BASE 7ª)
- ☐ COMPROMISO DA ENTIDADE FINANCEIRA SOBRE CONCESIÓN DO PRÉSTAMO (MODELO ANEXO XIV) OU COPIA DO CONTRATO DO PRÉSTAMO (BASE 7ª E 8ª)
- ☐ FACTURAS PRO FORMA OU ORZAMENTOS DOS ACTIVOS QUE SE VAN FINANCIAR CO PRÉSTAMO (BASE 7ª E 8ª)

C) SUBVENCIÓN PARA ACTIVO FIXO:

- ☐ MEMORIA AMPLIADA DO PROXECTO E ANTECEDENTES (BASE 7ª)
- ☐ PLAN DE INVESTIMENTO EN ACTIVOS FIXOS, CALENDARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN E FACTURAS PRO FORMA E ORZAMENTOS (BASE 7ª)
- ☐ ESTUDO ECONÓMICO-FINANCEIRO DA VIABILIDADE DO PROXECTO (BASE 7ª)
- ☐ BALANCE DE SITUACIÓN E CONTA DE PERDAS E GANANCIAS DOS DOUS ÚLTIMOS EXERCICIOS E PROVISIONAIS PARA OS DOUS PRÓXIMOS EXERCICIOS (BASE 7ª)
- ☐ FACTURAS XUSTIFICATIVAS DO INVESTIMENTO REALIZADO E DO SEU EFECTIVO PAGAMENTO (BASE 8ª)

* A documentación exixida no artigo 6º e na base 7ª ten que presentarse xunto coa solicitude.

* A documentación exixida no artigo 10º e na base 8ª é necesaria para proceder ao pagamento da subvención; non obstante e para axilizar a tramitación do expediente, poderá ser presentada xunto coa solicitude a opción do interesado.

** Cando se soliciten dous ou máis tipos de axuda só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente indicándoo na solicitude; deben identificarse con claridade os tipos de axuda que se solicitan, marcándoas cum X no primeiro recadro do modelo de solicitude.

ANEXO VII-B

Folla n°

de

EXPEDIENTE

CERTIFICACIÓN DA RELACIÓN NOMINAL DOS TRABALLADORES DO CADRO DE PERSOAL DO CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO

[illegible]



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

ANEXO VIII-B

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo



EXPEDIENTE

PROCEDIMENTO AXUDAS AO MANTEMENTO DE CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO: (INDICAR CUN X AS QUE SE SOLICITEN) ☐ SUBVENCIÓN DO CUSTO SALARIAL. ☐ SUBVENCIÓN PARA ADAPTACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO. ☐ SUBVENCIÓN PARA SANEAMENTO FINANCEIRO. ☐ SUBVENCIÓN PARA EQUILIBRIO ORZAMENTARIO.	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO TR341F	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		FORMA XURÍDICA	
Nº DE REXISTRO COMO CEE	Nº INSCRIPCIÓN NA S.S.	CNAE	CIF / NIF
DOMICILIO SOCIAL		CORREO ELECTRÓNICO	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	LOCALIDADE
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRIPCIÓN)		CONVENIO COLECTIVO (1)	
CADRO DE PERSOAL DO CEE	Nº TRABALLADORES MINUSVÁLIDOS	OUTROS TRABALLADORES	PERSOAL DE SERVIZOS DE AXUSTE PERSOAL E SOCIAL
Nº DE TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE POR QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN	PERIODO SOLICITADO	CONTÍA SOLICITADA	

(1) Denominación e data de publicación

CENTRO DE TRABALLO: ENDEREZO, LOCALIDADE, CONCELLO, PROVINCIA, CP, TELÉFONO

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI	TELÉFONO
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	
CONCELLO	FAX	EN CALIDADE DE	

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO			
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DECLARA QUE:

- a) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- b) Non se incorre en ningunha das causas de incompatibilidade sinaladas no artigo 11º da orde de convocatoria, non concorre ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e retínense as condicións para poder ser beneficiario de acordo co establecido na base 2º do anexo B da orde de convocatoria.
- c) Indicar o que corresponda:
- ☐ Non ter solicitado nin percibido ningunha outra axuda dunha administración ou entidade pública para o mesmo proxecto.
- ☐ Ter percibido ou solicitado as axudas que se indican (no modelo que figura como anexo XII).
- d) Autoriza a obtención dos certificados establecidos no artigo 7 da orde de convocatoria.
- e) Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. (Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exercéranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros na rúa Domingo Fontán, 9-15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).
- f) Autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que de acordo co establecido nos apartados 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa paxina web oficial, con expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade.
- g) Os postos de traballo ocupados polos novos traballadores con discapacidade contratados polos que solicita subvención non quedaron vacantes como consecuencia dun despido declarado ou recoñecido improcedente.

e SOLICITA:

Nos termos descritos na documentación que se xunta, relacionada no anexo IX-B, as subvencións indicadas na parte superior.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

En _____, a _____

☐ Delegado/a provincial de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE

REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	____/____/____
	DATA DE EFECTOS
	____/____/____
	DATA DE SAÍDA
	____/____/____

☐ Director xeral de Promoción de Emprego

ANEXO IX - B
MANTEMENTO DE CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO

EXPEDIENTE

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (ARTIGOS 6º E 10º E ANEXO B, BASES 7ª, 8ª, 9ª E 10ª)

1. DOCUMENTACIÓN XERAL:

- ☐ DNI / NIF DO/A SOLICITANTE, SE O SOLICITANTE É PERSOA FÍSICA (ARTIGO 6º)
- ☐ DNI E PODER SUFICIENTE DO REPRESENTANTE QUE SUBSCRIBE A SOLICITUDE E NIF DA EMPRESA, SE O SOLICITANTE É PERSOA XURÍDICA (ARTIGO 6º)
- ☐ DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE SE ENCONTRAREN AO DÍA DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS -ESTATAIS E AUTONÓMICAS- E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE QUE NON TEÑEN PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA OUTRA DÉBEDA COA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, UNICAMENTE NO SUPOSTO DE QUE QUEN SOLICITA LLE DENEGA EXPRESAMENTE A AUTORIZACIÓN AO ÓRGANO XESTOR PARA SOLICITAR AS CERTIFICACIÓNS QUE DEBAN EMITIR A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA, A TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL E A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA DA XUNTA DE GALICIA (ARTIGO 6º)
- ☐ CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN DO CEE OU, NO SEU DEFECTO, SOLICITUDE DE INSCRICIÓN (BASE 7ª E 8ª)
- ☐ MEMORIA DO CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO (BASE 7ª.1 LETRA b)
- ☐ RELACIÓN NOMINAL DOS TRABALLADORES DO CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO (MODELO ANEXO X-B) (BASE 7ª)
- ☐ DECLARACIÓN COMPRENSIVA DO CONXUNTO DE AXUDAS OU SUBVENCÍONS PARA O MESMO PROXECTO OU ACTIVIDADE SOLICITADAS OU CONCEDIDAS ANTE AS ADMINISTRACIÓNS OU ENTIDADES PÚBLICAS NO MODELO DE SOLICITUDE ANEXO XII OU, NOUTRO CASO, DECLARACIÓN DE QUE NON SOLICITOU NIN PERCIBIU OUTRAS AXUDAS OU SUBVENCÍONS NO MODELO DE SOLICITUDE (ARTIGOS 6º E 10º)
- ☐ FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA E CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE FINANCEIRA ACREDITATIVA DE QUE O SOLICITANTE É TITULAR DA CONTA, SEGUNDO O MODELO DO ANEXO XIII (ARTIGO 6º)
- ☐ E, SE É O CASO, O CERTIFICADO DE MINUSVALIDEZ CANDO FOSE EXPEDIDO POR UNHA ADMINSTRACIÓN DISTINTA QUE A DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (DISPOSICIÓN ADICIONAL 4ª)

2. DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA:

A) SUBVENCIÓN DO CUSTO SALARIAL:

- ☐ DOCUMENTACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DE NOVOS TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE: CONTRATO DE TRABALLO E ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL E VARIACIÓNS DE DATOS E, NO SEU CASO, RESOLUCIÓN DO INSS RECOÑECENDO A INCAPACIDADE PERMANENTE TOTAL, ABSOLUTA OU GRANDE INVALIDEZ, OU RESOLUCIÓN DO MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA OU DO MINISTERIO DE DEFENSA RECOÑECENDO UNHA PENSIÓN POR XUBILACIÓN OU RETIRO POR INCAPACIDADE PERMANENTE PARA O SERVIZO OU INUTILIDADE (BASE 7ª)
- ☐ FOTOCOPIA COMPULSADA DOS DOCUMENTOS TC-1 E TC-2 DO MES DE OUTUBRO DO ANO ANTERIOR OU PRIMEIRO MES POLO QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN (BASE 7ª)
- ☐ RECIBOS DOS SALARIOS E DOCUMENTO BANCARIO DE TRANSFERENCIA QUE ACREDITE O SEU PAGAMENTO, CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DO ANO ANTERIOR OU AO PRIMEIRO MES POLO QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN (BASE 7ª)
- ☐ RELACIÓN NOMINAL DOS TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE POLOS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN E CONTÍA SOLICITADA (ANEXO X-B) (BASE 7ª)
- ☐ PARA O PAGAMENTO ANTICIPADO, XUSTIFICACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA GARANTÍA A FAVOR DA CONSELLERÍA DE TRABALLO (BASE 10ª)

B) ADAPTACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO:

- ☐ MEMORIA EXPLICATIVA DO OBXECTO DA AXUDA E XUSTIFICACIÓN DA SÚA NECESIDADE (BASE 7ª)
- ☐ ORZAMENTOS E FACTURAS PRO FORMA DO INVESTIMENTO QUE SE VAI REALIZAR (BASE 7ª)

C) SANEAMENTO FINANCEIRO OU EQUILIBRIO ORZAMENTARIO:

- ☐ MEMORIA EXPLICATIVA DO DESEQUILIBRIO ECONÓMICO OU ORZAMENTARIO (BASE 7ª)
- ☐ ESTUDO ECONÓMICO-FINANCEIRO DE VIABILIDADE (BASE 7ª)
- ☐ BALANCES DE SITUACIÓN E CONTA DE PERDAS E GANANCIAS DOS DOUS ÚLTIMOS EXERCICIOS E PROVISIONAIS PARA OS DOUS PRÓXIMOS EXERCICIOS (BASE 7ª)

3.- Documentación específica para os pagamentos da subvención do custo salarial. (Base 9ª)

Unha vez emitida a resolución da subvención do custo salarial, para proceder ao pagamento fraccionado, a entidade beneficiaria deberá presentar, referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

- ☐ Relación nominal dos traballadores e traballadoras con discapacidade polos que se solicita o pagamento fraccionado e a contía solicitada (segundo o modelo do anexo XI-B).
- ☐ Recibos de salarios e documentos bancarios de transferencia que acrediten o seu pagamento.
- ☐ Documentos TC1 e TC2 ingresados da mensualidade ou mensualidades polas cales se solicita o pagamento a conta.
- ☐ De ser o caso, copia dos contratos de traballo e partes de alta á Seguridade Social, correspondentes aos novos traballadores contratados no mes obxecto de pagamento a conta, así como todas as variacións de datos á Seguridade Social realizadas no dito mes.
- ☐ De ser o caso, resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) que recoñeza a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa que recoñeza unha pensión por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- ☐ Nos supostos de incapacidade temporal, achegarase parte de baixa e alta.

O pagamento final da subvención concedida realizarase unha vez presentada a documentación anterior, referida aos meses pendentes de pagamento.

* A documentación exixida no artigo 6º e na base 7ª ten que presentarse xunto coa solicitude.

** A documentación exixida no artigo 10º e na base 8ª e 9ª é necesaria para proceder ao pagamento da subvención; non obstante e para axilizar a tramitación do expediente, poderá ser presentada xunto coa solicitude a opción do interesado.

*** Cando se soliciten dous ou máis tipos de axuda só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente indicándoo na solicitude; deben identificarse con claridade os tipos de axuda que se solicitan, marcándoas cun X no primeiro recadro do modelo de solicitude.

**** Nas sucesivas solicitudes para os pagamentos parciais da subvención do custo salarial, a documentación que xa figura na correspondente delegación provincial non terá que presentarse mentras mentras manteña a súa validez.

ANEXO XII

DECLARACION EXPRESA DOUTRAS AXUDAS E DE AXUDAS EN RÉXIME DE MINIMIS

EXP. Nº

PROCEDEMENTO

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

Don/Dona, con DNI nº

en nome e representación da entidade

con NIF/CIF nº en calidade de

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
SOLICITADA	CONCEDIDA					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que esta entidade ten concedidas en réxime de minimis (Regulamento (CE) nº 1998/2006), neste ano e nos dous anteriores as seguintes axudas:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
☐				
☐				
☐				
☐				
☐				
☐				

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

,

de

de

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO XIII

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

EXPEDIENTE

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
ENDEREZO			
PROVINCIA	CONCELLO	CODIGO POSTAL	TELÉFONO
DATOS BANCARIOS			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

CERTIFICO:

Que os datos enriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

En

, a

SINATURA DO/A SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

ANEXO XIV

**COMPROMISO DA ENTIDADE FINANCEIRA DE CONCESIÓN DO PRÉSTAMO
(DOCUMENTO QUE TEN QUE PRESENTAR O SOLICITANTE XUNTO COA SOLICITUDE)**

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE FINANCEIRA

ENTIDADE FINANCEIRA			
SUCURSAL, RÚA			
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO

DATOS DA PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA TITULAR DO PRÉSTAMO

APELIDOS E NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL			
ENDEREZO			
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO

CARACTERÍSTICAS DO PRÉSTAMO

IMPORTE DO PRÉSTAMO	PRAZO DE AMORTIZACIÓN	CARENCIA
TIPO DE XURO		

DESTINO DO PRÉSTAMO (EN EUROS)

ACTIVO FIJO	ACTIVO CIRCULANTE

Comprométese á concesión do préstamo detallado neste escrito, conforme ao convenio subscrito coa Consellería de Traballo, polo que solicita que a citada operación sexa cualificada como subvencionable,

, de de

(Sinatura do/a representante e selo da entidade financeira)

Asdo.:

**CONDICIÓN DOS PRÉSTAMOS ACOLLIDOS AO CONVENIO DA CONSELLERÍA DE TRABALLO FORMALIZADOS
NO ANO 2009:**

- a) O prazo de amortización será de, polo menos, tres anos, podéndose incluír períodos de carencia de amortización do principal.
- b) O tipo de xuro máximo co que se formalizarán os préstamos será o elixido polo solicitante entre as seguintes opcións:
- Xuro fixo: o 6,35% cando o prazo de amortización sexa de ata cinco anos, ou o 6,75 % cando o dito prazo sexa superior.
 - Xuro variable: o 6,10%, independentemente do prazo de amortización.

Nesta elección o tipo xuro revisarase cada ano desde a formalización de cada préstamo, resultando o novo tipo de engadir 1,75 puntos ao que se publica no BOE como euríbor a un ano, do segundo mes anterior ao inicio da nova anualidade do préstamo revisado.

- c) Poderase establecer unha comisión de apertura de ata un 1 %.